

# Curso “Economía Alternativa e Solidaria: realidades e proxectos”

USC / Panxea / Cooperación Galega

11, 12 e 13 de novembro de 2011

## Outros xeitos alternativos de comercialización. Panel de experiencias : Moedas complementarias: “Os galeuros”

Cita de Thomas Greco acerca das moedas sociais:

*A disposición dos membros da comunidade a aceptar o novo medio de intercambio en pagamento por bens e servizos, especialmente os vencellados coas necesidades básicas da vida, consegue dúas cousas: anima á xente a aplicaren as súas enerxías e recursos a actividades que axudan a manter a vida, e fornece á comunidade cun medio de intercambio que pola súa propia natureza é abundante, democrático e gobernado localmente.*

### **Introdución ás moedas complementarias**

- Debe estar unha economía alternativa, solidaria, anticapitalista... **en contra do diñeiro?**
- Semella **absurdo** porque o diñeiro, en abstracto, non é máis ca un tipo de **ferramenta** que facilita intercambios comerciais e que pode ter outras funcións adicionais.
- O problema é **qué tipo** de diñeiro/moeda concreto usamos: un que non contribuímos nin a **deseñar** nin a crear, cuxo **goberno** está en mans de entidades políticas e financeiras non democráticas?
- **Por que non crearmos o noso propio diñeiro**, definido entre todos para servir a outros obxectivos (sociais, solidarios)?
- É perfectamente factible e se ten feito en moitas ocasións, en diferentes puntos do planeta, a moi diversa escala, e con características moi diversas.
  - Unha das máis exitosas é o **WIR**, creado en Suíza tras a Gran Depresión. Comezou daquela con 16 membros e en 2004 superaba xa os 60.000 (PEMEs), movendo máis de 1.600 millóns de francos suízos ao ano, e contando cun banco cooperativo de seu que dá créditos nesta moeda e xestiona as operacións. Foi fundada por un par de empresarios inspirados no economista anarquista alemán Silvio Gesell. En 2010 tiveron un beneficio neto de case 12 millóns de francos suízos (a cambio actual = uns 9,6 millóns de euros). Usan tarxeta de crédito, cheques e operacións por Internet.
- **Deseñar unha moeda** implica definir diversos aspectos da mesma:
  - Tipo de moeda (existen diversas clasificacións).
  - Obxectivo/función.
  - Medio de intercambio ou de aforro?
  - Que respaldo ten.
  - Baseada na moeda oficial ou non?
  - Medios de pagamento.
  - Xuros ou non?

- Cota de ingreso ou non?
- Caducidade ou non?
- Oxidación (~imposto á acumulación) ou non?
- Convertibilidade a moeda oficial e outras moedas: taxa e condicións.
- Mecanismos antifalsificación.
- Como e quen a crea: sistema de emisión.
- De que outras maneiras se consegue.
- Como e quen a xestiona. Como se paga esa xestión.
- Mecanismos (democráticos) de redefinición e corrección.
- Etc.

## *O exemplo dos galeuros: a súa historia ata hoxe*

- Moeda complementaria e *virtual* nada en 2006 no seo da Asociación Cultural Fillos de Galicia, responsable da maior rede social da Diáspora galega (FillosdeGalicia.org, aprox. 7.000 membros).
- Na súa II Etapa (*galeuros 2.0*) evoluiu cara un *sistema de crédito mutuo internacional galego*.
- **Formatos:**
  - Conta electrónica.
  - Bonos, cheques, billetes (non se chegaron a poñer en marcha).
- **Como se conseguen:**
  - Por cada **compra feita na tenda** de Fillos de Galicia, o/a comprador/a recibía unha certa cantidade de galeuros, proporcional ao importe da compra (10%).
  - Os **voluntarios** e membros que contribúen co seu traballo e dedicación a facer <http://Fillos.org>, <http://PlanetaGalego.info> ou outros proxectos da Asociación Cultural Fillos de Galicia, tamén poden ser **recompensados** con diversas cantidades de galeuros. Isto, que era opcional e ocasional, na II Etapa convértese na norma en canto ao traballo voluntario en Fillos de Galicia: cada mes pagárase —previa autorización ou visto e prace do presidente da asociación ou persoa por el/a delegada— a todos os membros ou colaboradores de Fillos que teñan feito durante ese periodo un traballo voluntario (13º principio da Economía Solidaria).
  - Outras Organizacións Participantes nos Galeuros tamén poden pagar aos seus colaboradores ou traballadores parcial ou totalmente con galeuros.
  - Outro posuidor de galeuros pódese agasallar. De feito na propia tenda de Fillos de Galicia existen vales **agasallo** en galeuros.
  - **Un cliente teu** pode pagarche en galeuros se ti aceptas esta moeda como pagamento válido.
  - No Taboleiro de Fillos de Galicia temos unha sección para o **intercambio** de galeuros entre membros de Fillos para coñecer quen ofrece galeuros e en troco de que.
  - Finalmente, certas persoas e entidades que asinan un acordo especial, teñen a capacidade de **emitir** (crear) os seus propios galeuros ate un certo límite.
- **Exemplos de uso (baseados en usos reais):**
  - *Paulo fixo un labor para o portal Fillos.org como voluntario e a Asociación Fillos de Galicia compensoulle a súa adicación con 500 galeuros. Paulo vive de aluguer nun piso de Carme, que é tradutora. Un mes, Paulo pagoulle a renda con 400 galeuros a Carme, que ela empregou para contratar a Fillos a realización dun web para promocionar os seus servizos profesionais*

como tradutora.

- *María tiña que pagar a súa cota de socia de Fillos de Galicia (30 euros) pero non podía enviar os cartos a tempo para estar ao día antes de comezar a Asemblea de socios. Carlos, que tamén era socio, pagou por ela mediante 30 galeuros que tiña, na tenda online, indicando que eran para a cota de María. Cando se viron Carlos e María, ela deulle os 30 euros a cambio.*
- *Rosa estaba no paro e como tiña tempo libre, axudou como voluntaria a Fillos. A asociación compensouna con 200 galeuros, que ela despois usou para pagar parte dunhas obras que tiña que facer no seu piso, a Marcos, que ten unha pequena empresa de construción. El despois dooullos a unha ONG coa que colabora que os usou para pagar o hosting a Fillos.*
- *Alberte vendeulle un libro a Paulo, e Paulo pagoulle con 12 galeuros. Alberte usou eses galeuros para pagar a súa cota á unha asociación da que é socio e que acepta galeuros. Esta, á súa vez usounos para pagar a Xan, outro dos seus socios, uns gastos que tivo que adiantar para esa asociación. Ese socio usounos para comprar na tenda de Fillos un agasallo para a súa moza.*
- *Xurxo fai pequenos traballos profesionais para Fillos de Galicia, que a asociación lle paga en galeuros. Ao tempo, el ten contratado o seu dominio e hosting con Fillos e cando lle toca pagalos, faino cos galeuros que vai xuntando.*
- *Uxía fai bastantes compras na tenda de Fillos e vai xuntando galeuros de agasallo. Cando ten de abondo, págalle con eles a cota a amigos de Cuba que non teñen maneira de enviar os 30 euros da cota de socios, para que se afilien á Asociación Cultural Fillos de Galicia.*
- *Suso quere mercar 10 parceliñas en <http://www.Parcelaria.com> para promocionar durante 1 ano un colectivo que defende a natureza no seu concello. Válenlle 381 euros, pero como ten capacidade de emitir galeuros, como socio que é de Fillos, mércaas emitindo esa cantidade de galeuros. Queda o seu saldo a -381 galeuros, e Fillos de Galicia ingresa +381 galeuros. Posteriormente, para saldar esa cantidade negativa, vai facendo diversos traballos como voluntario para Fillos de Galicia, creando contidos, atendendo emails e axudando aos usuarios dos portais ofrecidos por esta organización. Así, en poucos meses fai 40 horas e a Asociación Cultural Fillos de Galicia ingrésalle en recoñecemento, 400 galeuros na súa, co cal fica cun saldo de +19 galeuros. Así sae gañando o seu colectivo ecoloxista que se beneficia da promoción en Parcelaria.com, gaña Fillos de Galicia e os seus usuarios que ven mellor atendidos os seus servizos grazas a un novo voluntario, e gaña Suso porque puido mercar ese espazo publicitario creando o seu propio diñeiro.*
- **Filosofía:**
  - Co paso á II Etapa dos galeuros, dase unha **importancia evolución** na súa filosofía e obxectivos. O que inicialmente pretendía ser un **medio de intercambio** entre galegos de aquí e de acolá, no ámbito da Comunidade Virtual Fillos de Galicia, ampliou a súa ollada para recoller todas as posibilidades das moedas complementarias e dos sistemas **LETS** (ou de crédito mutuo), para beneficio tanto dos galegos de todo o mundo, como doutras organizacións non lucrativas, o pequeno comercio galego e de paso para a mellora dos seus propios recursos económicos e humanos.
  - Outra importante fonte de inspiración nesta evolución dos galeuros son os **Toronto Dollars**, unha existosa experiencia de moeda complementaria local: en 10 anos conseguiu obter 110.000 \$ para ONGs locais.
  - Os galeuros agora asumen os **principios do crédito mutuo**: Cando Xan crea o seu crédito de galeuros para pagar a María, obrígase a aceptar galeuros doutras persoas do sistema nalgún futuro, en pagamento polos servizos ou produtos que el vende. Así, cando fai unha venda e lle pagan en galeuros, el *redime* o crédito (os galeuros) que orixinalmente emitira.

- Os galeuros de cada un/ha amosan canto **valor ten entregado á comunidade**. Se ten un saldo debedor, indica que recibiu máis da comunidade do que achegou. Así é que agora todo o labor voluntario desenvolto para a Asociación Cultural Fillos de Galicia pasou a ser compensado con galeuros.
- **Utilidade para os particulares:**
  - Mercar en calquera das tendas, negocios, profesionais e organizacións que aceptan galeuros.
  - Agasallarlos a un/a amigo/a para que el/a os gaste de calquera destas formas.
  - Pagarlle a outra persoa (ou entidade) por algún servizo ou produto (como moeda de troca).
  - Destes xeitos... ampliar nalgunha medida a capacidade de resistiren a crise económica do sistema financeiro capitalista mundial ou puntuais crises monetarias locais.
- **Utilidade para Fillos de Galicia:**
  - A convertibilidade permite que por exemplo os socios fornezan con liquidez en euros á asociación, adquirindo galeuros, que máis tarde lles serían reconvertidos a euros á taxa de troco vixente ou que usan para o resto de utilidades enriba mencionadas.
  - Cando se pague en galeuros totalmente un produto da <http://tenda.fillos.org> , ao recibir coa operación un 10% de galeuros en agasallo, implicará un desconto de facto do 10% ao que pague nesa moeda, fomentando así o seu uso na tenda e a venda dos produtos e servizos da asociación.
  - Facilita os doativos nesa moeda así como o pagamento de cotas, sendo así unha boa oportunidade para ampliarmos o número de socios.
  - A súa capacidade de emisión permítelle financiar total ou parcialmente o pagamento a traballadores, voluntarios, colaboradores e algúns fornecedores.
  - A xente interesada en ter galeuros, tería unha motivación para facer traballos para a asociación e así conseguilos.
  - Mobilizaríanse recursos xerais na Comunidade Fillos de Galicia o cal redundaría na súa consolidación e unidade, relacionando aínda máis aos seus membros.
- **Utilidade para outras organizacións participantes:**
  - Ao funcionar como un sistema de crédito mutuo sen xuros implica unha vantaxe inherente: aínda que o emisor teña pouco diñeiro oficial e non lle dean crédito os bancos, participar nos galeuros amplía o seu poder económico e mais a súa liquidez e ábrelle portas para mercar e vender: *One economic advantage of mutual credit is that the currency supply is self-regulating—the money supply expands and contracts as needed, without any managing authority. The availability of interest-free loans is a great advantage to members of the system.* (Wikipedia)
  - Outras ONGs poden tirarlle un partido semellante ao indicado enriba para o caso da Asociación Cultural Fillos de Galicia.
- **Utilidade para negocios e profesionais:**
  - Substitúen a competencia pola escaso diñeiro oficial dos seus clientes, pola cooperación en complementar ese diñeiro con outra moeda, que permite así facer un número maior de operacións.
  - Ten as mesmas vantaxes que un cupón de desconto (fidelización de clientes) pero coa mellora engadida de que despois pode servir para o negocio pagar os servizos doutro negocio (para aumentar este atractivo hai que procurar buscar negocios que

- se fornezan os uns aos outros, creando unha rede de intercambios comerciais).
- Ademais teñen a seguridade de que os poden converter a euros, á taxa vixente.
- Suponlles unha diferenciación competitiva, coa boa imaxe por apoiar á comunidade en xeral e á Asociación Cultural Fillos de Galicia en particular.
- Publicidade de balde, ao estar incluídos no listado dispoñible online de empresas e comercios que aceptan galeuros. Cando se impriman os primeiros formatos físicos dos galeuros, está previsto que inclúan unha listaxe de lugares onde se poden gastar, co cal cada billete será un folleto promocional do negocio que os acepte.
- Non precisan aceptar o 100% do pagamento polos seus servizos en galeuros: cada un pode determinar o % que lle interesa, ou un certo límite (agora si acepto... agora xa non). Normalmente aqueles negocios que teñen que facer fronte a maiores custos en euros e teñen menor marxe de ganancia tenderán a aceptar menos galeuros.
- Os custos e traballo que dá usaren galeuros realmente son pequenos en comparación con estas vantaxes. Se os comerciantes aceptan galeuros e nunca os redimen, senón que os empregan para pagar a traballadores ou fornecedores, o custo de participación é 0 para eles.
- Fornece cun medio de conectar compradores e vendedores que doutro xeito non comerciarían por falta de diñeiro; consolida e amplía redes comerciais a nivel de Galiza e tamén coa Diáspora.
- **Utilidade para Galiza:**
  - En tempos de crise, unha moeda de uso local permite consolidar os circuitos internos de comercio, ao ser aceptada única ou principalmente en Galiza. É dicir: promove o comercio entre galegos. Isto redonda nunha maior resiliencia fronte as crises económicas e unha meirande soberanía. O movemento de Cidades en Transición, que prepara a diversas comunidades locais en todo o mundo para resistiren a dupla ameaza da Mudanza Climática e do Teito do Petróleo, ten un dos seus eixos de traballo nas moedas comunitarias. Contribúe a consolidar a auto-suficiencia da colectividade, ao xerar unha economía que permanece en si mesma e se converte en menos dependente do exterior.
  - Ao tempo, permite afortalar vencellos económicos entre galegos de Galiza e da Diáspora.
  - Mobiliza e fai útil a xente máis nova e a xente máis vella, normalmente con máis tempo ca diñeiro, así como outros recursos infrautilizados.
  - Fornece cun medio para xuntar a xente que precisa ingresos con traballos que precisan ser feitos e para financiar traballos polo ben común.
  - Aumenta o poder de compra da comunidade onde se usa.
  - Dalle á xente máis control sobre o que traballo que elixen facer, de tal modo que poidan elixir máis en función dos seus valores e menos por cuestións puramente pecuniarias.
- Máis información no wiki **Galeuros.com**: contabilidade, seguridade, historia, goberno, links a outras moedas, transparencia, estadísticas de uso, etc.

### ***O presente e futuro dos galeuros: cara a socialización***

- En novembro de 2009 aprobouse en asemblea de Fillos de Galicia iniciar un proceso de socialización dos galeuros, para que fose unha moeda propia de **máis colectivos**, e que incluía a **emisión de billetes** en galeuros e creación dunha **nova entidade**

- independente de Fillos para xestionar a moeda.
- Tomáronse certas medidas tendentes a ese proceso pero quedaron atrancadas por diversos motivos:
    - A persoa adicada a dinamizar o proceso deixou de colaborar connosco.
    - Falta de tempo pola miña parte para retomar esa función.
    - A propia crise sufrida por Fillos de Galicia que estivo a piques de acabar co proxecto no seu conxunto.
    - Desaparición da tenda online de Fillos.
  - O proceso está agora **en suspenso**.
  - Namentres a **crise do euro** e a deriva cara o colapso do conxunto do sistema monetario internacional fainos a algúns repensar aspectos da moeda, como p.ex.:
    - o seu nome,
    - a paridade fixa co euro
    - e a determinación do valor das cousas nesta moeda.
  - Temos o proxecto de crear unha nova moeda máis acaída á **nova era do decrecemento**.

### ***Remate: cal é a función das moedas complementarias no futuro das nosas sociedades?***

1. O colapso do actual sistema financeiro é inevitable: principalmente porque está baseado no crecemento continuo e iso choca cos límites naturais do planeta. A **creación de diñeiro baseada en débeda** é insostible nun futuro de contracción económica permanente. Aínda por riba xa se ten creado **máis diñeiro ca riqueza física** existe no planeta. Levamos presenciando desde hai tempo os primeiros capítulos da caída deste sistema.
2. Xa que logo, será preciso **construírmos un novo diñeiro** axustado á realidade física do planeta.
3. Dado que o futuro será necesariamente **local** (Peak Oil...), tamén na produción e circulación de bens, é lóxico pensarmos en moedas complementarias locais.
4. Poñer en marcha **anticipadamente ao colapso** financeiro mundial estas moedas, dotará as nosas sociedades dun colchón para evitar as súas peores consecuencias (aumenta resiliencia da comunidade), ao tempo que fornece **vantaxes inmediatas**: reforzamento do tecido social e económico local, apertura do crédito, mobilización de recursos excluídos da economía en moeda oficial (parados, estudantes, pequenos produtores, etc.), etc.
5. Permiten **financiar proxectos comunitarios** que deixan de recibir apoio estatal (banarrota do Estado): ONGs, saúde, servizos públicos, etc.